



Concello de Muras (Lugo)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN REALIZADA O 28 DE ABRIL DE 2016.

Concelleiros asistentes:

D^a. Belén Chao Ramil
D. Carlos Carballés Penabad.
D. Mario Rouco Rey
D. José Danilo Requeijo Castro
D^a. Rosario Celia Rey López
D. José Pajón Penabad.

No salón de sesións da Casa do Concello de Muras, sendo as vinte horas do día vinte e oito de abril de dous mil dezaseis, en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde Manuel Requeijo Arnejo, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados á marxe e do Secretario en acumulación Antonio López Vila, reúnese o Pleno da Corporación en sesión ordinaria segundo a convocatoria remitida ao efecto.

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, a Presidencia declara aberta e pública a sesión, pasando a tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR. Dáse conta da acta da sesión anterior realizada o día 25 de febreiro de 2016, da cal entregouse copia coa convocatoria a tódolos concelleiros; o Sr. Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación, o voceiro do grupo Popular aclara que no punto 2 debe emendarse facendo constar que o concello daba 300 euros por nacemento; despois do cal o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda aproba-la referida acta.

2.- APROBACIÓN PROVISIONAL DESAFECTACIÓN LOCA PAI. Visto o expediente incoado para a desafectación dos espazos destinados na actualidade a ximnasio e comedor (deste, unha pequena parte) e 22 m² exteriores (achégase plano) do CEIP Antía Cal Vázquez para a habilitación dun PAI, dado que o Concello carece nestes momentos dun servizo que atenda á poboación infantil de 0 a 3 anos e que facilite a conciliación laboral das nais e pais dos mesmos.

Visto que en data 25 de febreiro de 2016 acordouse inicia-la desafectación xurídica do devandito local, someténdose a información pública polo prazo dun mes mediante anuncio publicado no BOP do de marzo de 2016, sen que se presentasen reclamacións.

Visto que é competencia do Pleno a aprobación do expediente seguindo o procedemento establecido no Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Despois de informar a concelleira Belén Chao Ramil dos trámites realizados e a necesidade do servizo, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1º. Aprobar provisionalmente a desafectación dos espazos destinados na actualidade a ximnasio e comedor (deste, unha pequena parte) e 22 m² exteriores (achégase plano) do CEIP Antía Cal Vázquez para a habilitación dun PAI, á espera da autorización de desafectación pola Comunidade Autónoma.

2º. Solicitar autorización previa a desafectación dos devanditos espazos a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

3.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN, EN RELACIÓN A TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS. Visto o acordo do Pleno da Deputación Provincial de Lugo de data 29 de decembro de 2015, relativo á Proposta de reforma das bases que rexen a aceptación e asunción por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público (Base terceira e base décima),



Concello de Muras (Lugo)

Despois do exame da reforma das mencionadas bases e o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1º. Aceptar a reforma das bases que rexen a aceptación e asunción por delegación expresa, pola Deputación Provincial de Lugo, de competencias en materia de xestión, inspección e recadación, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público (Base terceira e base décima).

2º. Manter a delegación actual na Deputación Provincial de Lugo de competencias en materia de xestión, inspección e recadación, en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público do Concello de Muras, de conformidade coas bases reformadas.

4.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. Visto o expediente tramitado para recoñecemento extraxudicial de créditos correspondentes a exercicios anteriores, pendentes de aplicar ao orzamento por falta de consignación suficiente ou por haberse presentado a factura despois do peche do exercicio, así como, informe de Intervención.

Despois do estudo da relación dos créditos a recoñecer, o pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

1º. Aprobar o recoñecemento dos créditos que se relacionan a continuación, correspondentes ao exercicio anterior.

Partida	Acredor	Concepto/ nº factura	Importe
Facturas presentadas en 2016 de gastos exercicios anteriores.			
920.22602	La Voz de Galicia S.A.	Publicidade / P15-6128	302,50
920.22602	El Progreso de Lugo S.L.	Publicidade /3-34013	369,40
920.21600	Wurth S.L.	Soporte informático/ 464-2	1.637,74
	TOTAL		2.309,64

2º. Aplicar con cargo ao orzamento de 2016 os créditos anteriores con cargo á partida orzamentaria que se cita.

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS E IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE MURAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA NO CONCELLO DE MURAS. Visto que este Concello solicitou formar parte do programa "Xantar na Casa" para atender ás necesidades de persoas maiores e/ou dependentes.

Vista a proposta de Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Muras, para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Muras, co que se garante un mínimo de 10 persoas beneficiarias.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde manifesta que unha das actuacións que querían poñer en marcha en servizos sociais é xantar na casa, informa dos trámites realizados e petición formulada para 80-90 usuarios segundo informes técnicos, pero inicialmente solo aceptan 10, alude á situación lamentable dalgún veciño e as prestacións do servizo, considerando que debe aprobarse o convenio onde o custo do servizo será de 7,5 euros por persoa e día, desta cantidade a persoa beneficiaria achegará 26,67 %, o Concello 26,67% e o Consorcio 46,66 %.

Polo grupo Popular: o voceiro José Danilo Requeijo Castro está de acordo con este convenio inda que debía atender a mais xente e non ir un solo día a semana co servizo. No relativo a prestación de servizos a persoas maiores, tamén alude a prestación do servizo de teleasistencia.



Concello de Muras (Lugo)

Polo grupo Mixto: o concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey, tamén está a favor deste convenio e a súa importancia neste Concello.

Despois de estudado o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, co voto a favor dos sete membros que o compoñen, acorda:

Aprobar a proposta de Convenio de Colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Muras para o desenvolvemento do programa Xantar na Casa no Concello de Muras, facultando expresamente ao Sr.Alcalde Manuel Requeijo Arnejo para a súa sinatura.

PARTE DE CONTROL ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

4.- INFORMES DA PRESIDENCIA.

a) Resolucións da Alcaldía. Dáse conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 22 de febreiro, ata o 25 de abril de 2016.

b) Informes Alcaldía.

- Toma a palabra o Sr.Alcalde para informar da posta en funcionamento da páxina web do Concello, estase a dar contido de interese tanto para a xente que reside no concello como para a que está fora.

Da conta da información que se está achegando sobre actividades a desenvolver en próximas datas que se van a colgar na páxina web e tamén se enviará ás casas, teatro, pleno infantil, cursos de medio ambiente, monólogo, volta as comarcas, romaría de artesáns, festas de San Pedro, etc.

Tamén se tratará de poñer en valor a historia de Muras organizando un curso sobre arqueoloxía.

c) O concelleiro delegado de Medio Rural e Medio Ambiente D. Mario Rouco Rey, informa dos problemas da revisión catastral con 910 incidencias sobre todo en solo urbano, indicando que é competencia do Ministerio de Facenda pero despois de contactar coa Deputación Provincial asignaron un técnico para asesoramento de forma gratuíta nas oficinas do Concello.

MOCIÓNS.

A) O Sr. Alcalde da conta que despois de saír a convocatoria, o grupo Popular presentou tres mocións, unha sobre o IBI non ten carácter de urxente, pódense tratar as outras, o concelleiro do PSdG-PSOE tamén presentou sobre o IBI e o grupo BNG presentou outra con carácter de urxencia, a decisión deste catastrazo ven do Ministerio de Facenda que goberna o PP, entende que ao PP en Madrid se lle diría algo, de tódolos xeitos celébrase unha xunta de voceiros e faise unha conxunta.

O Sr. Requeijo Castro indica que o que cobra o IBI é o Concello, responde polo que puxo na moción, o normal é poñer un perito todo o día e facerlle os escritos para o Catastro, os problemas veñen despois, hai que solucionar o problema aquí, o criterio do Catastro é que hai que ir a Lugo.

O Sr. Alcalde manifesta que cando se puxo en marcha o Sr.Issam era o alcalde do PP, nos cumprimos a lei e non se pode contratar persoal, contactouse coa Deputación e envían un técnico, Catastro non o envía.

O Sr. Rouco Rei sinala que non vamos entrar en actividade privada como facía o Sr. Issam, o Concello coa normativa solo pode pasar de 0,6 a 0,3 pero non significa que regulemos, é unha lei do Estado, aquí gastábase alegremente, e temos unha lei de estabilidade orzamentaria, desde que tivemos coñecemento puxémonos a traballar e desde o Catastro dixeron que non o facían por elo temos varios modelos para que asinen os particulares, pero temos limitacións porque as normas e as competencias son estatais, fíxose o que se puido e estamos abertos a suxestións.

O Sr. Alcalde considera que se pode facer moita demagogia sobre o catastrazo, o persoal do Concello non está capacitado e desde o Catastro díxose pagar os 60 euros e reclamar con informe



Concello de Muras (Lugo)

pericial, para aplicar bonificacións entrarían en vigor en 2017, desde o concello vaise facer o que estea na nosa man, isto ten un afán recadatorio e o PP tería moito que dicir no 2012 co Decreto da Xunta e non dixo nada, vamos a facer reunión de voceiros e consensuar un acordo.

B) Moción grupo Popular sobre establecemento dun acordo de colaboración con distintas empresas con actividade laboral no municipio para facilitar o acceso preferente ao mercado laboral dos veciños/as de Muras empadroados desempregados.

Dada lectura dos motivos de urxencia polo voceiro do grupo Popular, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda ratificar a urxencia e a inclusión na Orde do Día.

A continuación trátase a moción, na cal despois da exposición de motivos na que aluden a recuperación de emprego polos autónomos e a necesidade de apoio, propón a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o concello de Muras estableza un acordo de colaboración con distintas empresas con actividade laboral dos veciños de Muras empadroados desempregados.

2. Que se comprometa a contratar ao persoal de limpeza das instalacións municipais, para así non depender de empresas externas.

3. Que se comprometa a contratar ao persoal necesario para o mantemento do servizo de augas e electricidade de todo o municipio, así como outros servizos que xurdan no futuro.

4. E que os traballos de mantemento das edificacións e fincas da Aldea Etnográfica de Carelle tamén sexan realizados por persoal contratado polo Concello.

Na deliberación do asunto prodúcense as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde ten a sensación que se está saltando a legalidade, o PP foi amigo de meter xente afín, redes caciquís, na pasada legislatura contrataba directamente o alcalde e esta proposta segue sendo o mesmo, limpeza Otero é de Muras, o servizo de mantemento eléctrico está contratado a Santomé, o servizo de augas na brigada municipal hai dúas ou tres persoas, as traídas non están legalizadas e estase con proxecto para legalizalas, para a aldea etnográfica xa houbo persoal contratado para traballar as fincas do exalcalde.

Polo grupo Popular: o voceiro Xosé Danilo Requeijo Castro non quere falar dese tema, pagouse a unha empresa para plantar, está vindo xente de fora a traballar e os de aquí teñen que ir fora.

O Sr. Alcalde indícalle que ese proxecto foi de Issam non desta Corporación, si volvemos para atrás a xente do PP que estaba aquí é coñecida, somos partidarios de que se xeren postos de traballo, neste ano solicitaráronse traballadores, hai RPT e tratarase de convocar eses postos seguindo a lei.

O concelleiro do PSDG-PSOE Mario Rouco Rey manifesta que oxalá se contratase a todos, pero aquí facíase o que dicía un home, hai que actuar dentro da legalidade, fala da limpeza, regularización das augas e os problemas da Aldea de Carelle, a falta de colaboración que había con empresas do municipio, e que agora se está colaborando para dotar os servizos necesarios pero tampouco lle serve calquera persoal.

O Sr. Requeijo Castro considera que o dito na intervención anterior non serve para nada, , está mirando polo ben dos veciños de Muras.

O Sr. Alcalde sinala que as empresas falan de falta de formación, estase traballando nisto, dotación de solo industrial, a administración pública non pode dar traballo a tódolos desempregados.

O Sr. Rouco Rey indica que hai que dar exemplo, en explotación privadas tamén ven xente de fora.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con tres votos a favor dos membros do grupo Popular e catro en contra dos membros do grupo BNG e concelleiro de PSDG-PSOE, acorda rexeitar a moción presentada polo grupo Popular.



Concello de Muras (Lugo)

C) Moción do grupo Popular sobre a subscripción de convenio coa Deputación Provincial de Lugo para o financiamento de diversas obras.

Dada lectura dos motivos de urxencia polo voceiro do grupo Popular, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda ratificar a urxencia e a inclusión na Orde do Día.

A continuación trátase a moción, na cal despois da exposición de motivos na que aluden aos convenios previstos nos orzamentos da Deputación Provincial para distintas actuacións de carácter social, deportivo, infraestruturas, etc., propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. Instar á Deputación Provincial de Lugo, asinar con cargo ao orzamento do ano 2016, e da forma máis rápida posible, convenios de colaboración para asumir o financiamento das seguintes obras:

a) Mellora dos accesos á Ponte Bermuz.

b) Restauración da Ponte da Insua (hai unha vivenda sen acceso dende que caeu a ponte), tamén da Ponte de Saamil e a de Coruxos.

c) Pavimentación en curral de Currás (A Balsa)

d) Pavimentación dos accesos á nave de Ramiro da Abedueira.

e) Viradero diante da casa das Ameixeiras.

Na deliberación do asunto prodúcese as intervencións coas opinións que de forma sintetizada se recollen a continuación:

Polo grupo BNG: o Sr. Alcalde considera que na moción hai varias cousas, contactaron coa Deputación para vías en mal estado, sorpréndelle coa mellora dos accesos á Ponte Bermuz cando tiveron tempo suficiente para resolvelo, forman parte do PP que estivo aquí 24 anos, a Insua esta no concello de Vilalba, onde hai necesidades como Baxín ou Suaschousas xa están en marcha, este equipo de goberno non vai facer obras en propiedade privada, en Currás está prevista unha actuación e estudaranse outros casos para axudar a veciños que o necesiten.

O Sr. Requeijo Castro considera que non é normal volver para atrás , aquel acceso o fixo o Alcalde un día antes das eleccións, non consente sorna, el non di o que fixeron, o grupo vai cambiar de actitude.

O concelleiro do PSdG-PSOE Mario Rouco Rey fala da acta do pleno do 27-2014, e alude a malversación de fondos, falta a colaboración do concello de Vilalba, na Insua o propietario vivía en Málaga ven para a Coruña e vivir non vive aí, a ponte de Saamil e a de Coruxos hai proxecto para o FCA, o concello está tratando de facer un plan de actuación integral, si hai cousas mal están aquí para atender, en canto a insultos refírese a sesión de novembro de 2013 para amosar a diferenza, hai que ser coherentes.

O Sr. Alcalde indica que a historia está escrita.

O Sr. Requeijo Castro recorda que tanto a Ponte Bermuz como a de Maciñeira foron realizadas con Souto e non sabe para que se fixeron.

Debatido o asunto, o Pleno da Corporación en votación ordinaria, con tres votos a favor dos membros do grupo Popular e catro en contra dos membros do grupo BNG e concelleiro de PSdG-PSOE, acorda rexeitar a moción presentada polo grupo Popular.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

1. Intervención do voceiro do grupo Popular José Danilo Requeijo Castro.

1.1. A traballadora social en decembro foi despedida, agora está a media xornada e inda non veu.

Resposta Alcalde: cando chegaron a Corporación había 28 persoas traballando, informes de intervención sobre ilegalidades entre eles o da traballadora social, con tres informes en contra non lle podía renovar sen concurso-oposición pois entrou a dedo, as contas non estaban actualizadas, atrasouse o procedemento de selección e hai que limitarse a lexislación, hai vinte e catro solicitudes,



Concello de Muras (Lugo)

con publicidade e valoración obxectiva, hai unha seleccionada que empezará para a semana, puideron facelo pero por agora non despediron a ninguén, Lorena presentouse as probas pero non aprobou, levaba oito anos e puideron regularizar a situación.

A concelleira delegada Belén Chao Ramil aclara que era necesario ter consignación orzamentaria e houbo que esperar a aprobación do orzamento.

O Sr. Rouco Rey refírese a obriga de respectar o gasto e a lei presupuestaria.

Non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás vinte e unha horas e cincuenta minutos, da cal estendo a presente acta e como Secretario dou fe.

Vº e Prace,

O Alcalde,

O Secretario,

